

## Verdegaia volve criticar os accesos de formigón a praias de Covas

### REDACCIÓN > FERROL

*Verdegaia non comparte as explicacións dadas pola Demarcación de Costas sobre o uso de formigón nos novos accesos ás praias de Ponzos e O Medote, en Covas. Costas defendeu esta actuación na última reunión do Consello Sectorial de Medio Ambiente do Concello de Ferrol.*

A entidade ecoloxista considera “demagóxicas”, ademais de amosar “un absoluto descoñecemento da materia”, as explicacións da Demarcación de Costas sobre esta intervención, e asegura que non convenceron a moitas das asociacións que forman parte do Consello Municipal de Medio Ambiente.

Verdegaia manifesta a súa sorpresa por que neste foro de participación cidadá, os responsables de Costas mesmo chegaran a considerar como “material ecolóxico” o formigón empregado nas novas rampas de acceso ós arenais de Ponzos e O Medote, defendendoo o seu uso fronte a outros elementos, en concreto travesas de ferrocarril. Dende a asociación ecoloxistas contéstase que estas obras “carecen de todo criterio ambiental”, e explícase que “o formigón contén elementos contaminantes e canceríxenos”, pola alta concentración que presenta de dioxinas e metais peados.

Ademais, Verdegaia denuncia que a construción destes accesos xerou entullos que a día de hoxe, afirman, permanecen depositados sobre unha duna gris.

Censura > Verdegaia denuncia, ademais, o que considera censura da concelleira de Medio Ambiente, María López, ó rexeitar que no Consello Sectorial se debatera sobre o futuro das instalacións militares desafectadas e que están dentro da Rede Natura ou o derrubo de edificacións ilegais na costa ferrolá. Estes dous asuntos foron propostos por esta asociación para que foran abordados nesta última reunión, pero non figuraron na orde do día. A edila sinalou que o futuro dos bens militares se abordará nunha reunión o día 16 con responsables do Ministerio.